

PRESENTACIÓN DA MATERIA

MATERIA/MÓDULO	LATÍN II	CURSO CICLO	2º BACHARELATO
----------------	-----------------	----------------	---------------------------

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Repaso e ampliación da morfoloxía nominal e pronominal. Formas menos usuais e irregulares 2. Repaso e ampliación da morfoloxía verbal. Verbos irregulares: volo, nolo e malo. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica 3. Oracións de infinitivo. Oracións de relativo. Usos do participio. Supino. Xerundio e xerundivo 4. Tradución e interpretación de textos latinos orixinais e adaptados 5. Transmisión da literatura latina 6. Xéneros literarios latinos: a épica e a fábula 7. Léxico literario, científico e filosófico 8. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria 9. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos 10. Regras básicas de evolución do latín a galego e castelán (consoantes e grupos consoánticos)
2ª Avaliación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ampliación da morfoloxía verbal. Verbos irregulares: fero, eo, fio. Verbos defectivos 2. Cadro completo das oracións subordinadas. Subordinadas adverbiais 3. Xéneros literarios latinos: a historiografía e a oratoria 4. Tradución e interpretación de textos latinos orixinais 5. Locucións latinas de uso actual 6. Regras básicas de evolución do latín a galego e castelán (vogais)
3ª Avaliación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Tradución e interpretación de textos latinos orixinais 2. Locucións latinas de uso actual 3. Composición e derivación culta 4. Xéneros literarios latinos: a lírica e a comedia

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Instrumento	Peso na cualificación
Probas escritas	90%
Probas orais	10%
Traballos individuais	
Traballos en grupo	

Criterios:

Para ser avaliados, os traballos e actividades, individuais ou en grupo, deberán presentarse en tempo e forma. En cada avaliación haberá dúas probas escritas. A primeira destas probas terá un peso relativo do 40% e a segunda do 60%. O resultado destas probas constituirá o 90% da nota da avaliación e os traballos e actividades programados o restante 10%. A nota de todas as avaliacións será redondeada á alza.

A avaliación final do curso será a media ponderada das tres avaliacións, asignando á 1ª avaliación un peso do 25%, á 2ª un peso do 35% e á 3ª un peso do 40% da nota final. De non obter unha cualificación positiva, o alumnado poderá realizar unha proba de recuperación escrita.

A **proba extraordinaria** será unha única proba escrita, coa mesma estrutura dos exames de avaliación.

Os alumnos coa materia de Latín I pendente (incluídos aqueles que cursen Latín II por ter cambiado de modalidade e non cursasen Latín I) poderán apobar a materia pendente por avaliacións (segundo o calendario que determine o centro) ou mediante a superación da proba extraordinaria.